

Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publican as adxudicacións provisionais de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza convocados pola Resolución do 20 de xaneiro, da Dirección Xeral de Xustiza

O 20 de xaneiro de 2025 publicouse na intranet de Xustiza e máis na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

O punto terceiro da dita resolución establece que o prazo de presentación de solicitudes é de cinco días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria (do 21/01/2025 ata o 27/01/2025).

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Resolución do 2 de setembro de 2024 e pola Resolución do 10 de outubro de 2024,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar e facer pública, no Anexo I da presente resolución, a listaxe das adxudicacións provisionais.

Segundo.- De conformidade co artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, as persoas interesadas poderán formular reclamacións no prazo de 3 días hábiles contado desde a publicación desta resolución na intranet de Xustiza e mais na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes modificada pola Resolución do 2 de setembro de 2024 e pola Resolución do 10 de outubro de 2024 .

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert



ANEXO I

LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS

Posto	Director/a do Instituto de Medicina Legal de Galicia
Centro de destino	Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Dirección. Santiago de Compostela (A Coruña)
Código do posto	XG9251810015770301.01

Adxudicatario/a:	Noemí Morte Tamayo
-------------------------	--------------------

